



SINDICATO DE TRABALLADORAS E TRABALLADORES DO ENSINO DE GALIZA

www.stegsindicato.org

A CORUÑA-SANTIAGO Avda. De Coimbra 15, local. 15704 Santiago/Tfno-Fax: 981580700

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E O. UNIVERSITARIA

(Edificio administrativo San Caetano s/n; 15704, Santiago de Compostela, A Coruña)

Á/A de **D. José Manuel Pinal Rodríguez**

Director xeral de Centros e Recursos Humanos

[REDACTED], en calidade de membro do Secretariado Nacional do **Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza, STEG**, con domicilio, a efectos de notificación en Avda. De Coimbra, nº 15, local, 15704, Santiago de Compostela,

EXPÓN:

Que sobre o CXT de 2013 o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza ditou tres sentenzas, dúas en decembro e unha última en febreiro, da cal non temos a día de hoxe, nin valoración, nin nova de actualidade, nin información oficial algunha por parte da Consellería de Cultura, Educación e O.U.

Do mesmo xeito que o STEG solicitou no seu momento (06/08/2014) suspender a toma de posesión prevista para o 1 de setembro ata que se resolvesen xudicialmente as cuestións que estaban pendentes, mantendo os destinos de orixe de todas as persoas participantes no CXT, por considerar que era a opción menos prexudicial dentro da problemática creada pola Consellaría, neste momento o STEG


SOLICITA:

á Consellería que execute a última sentenza ditada polo TSXG para dar seguridade xurídica ao conxunto do profesorado, dado o entramado xudicial no que se atopa este CXT. Así mesmo queremos manifestar o noso total rexeitamento na busca de subterfuxios para obviar o cumprimento desta sentenza, como podería ser a execución só para aquelas persoas que houberan recorrido..., ou calquera outra que non sexa explicitada claramente en base á sentenza comentada.

Santiago de Compostela a 13 de marzo de 2015

Asdo:

Diego Pérez Castro



REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO XERAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA

ENTRADA 38586 / RX 491621

Data 12/03/2015 18:07:02

